



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 10 de marzo de 2010
HORA DE COMEZO: 20:30 horas
HORA DE REMATE: 21:50 horas.

ASISTENTES:

D. Adolfo Gacio Vázquez
D^a. Adela Redondo Rendo
D. Manuel Mouriño Varela
D. Jesús Sanjuás Mera
D. Jesús J. Santasmarinas Devesa
D. José M^a Fernández Vázquez
D^a. Dolores García Couto
D. José Antonio Becerra Couto
D. José Viaño Rey
D. Perfecto Barcala Mosquera
D. Juan Neira Moure

AUSENTES:

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde D. Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Adhesión ao convenio de transporte metropolitano**
- 3. Recoñecemento extrajudicial de crédito**
- 4. Denegación recurso de reposición presentado por dona Herminia Rubio Regueiro.**
- 5. Mocións nº 340,341,342 presentadas polo P.P.**
- 6. Información alcaldía.**
- 7. Rogos e preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Co voto a favor de tódolos presentes neste momento, apróbase a acta da sesión plenaria celebrada o día 13 de xaneiro de 2010.

2. Adhesión ao convenio de transporte metropolitano

En sesión plenaria celebrada o día 16 de febreiro de 2006, acordouse a adhesión ao convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e os concellos da comarca de Compostela para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano durante o período 2006-2010.

Con data 23/03/2010 recíbeuse o novo convenio para o período 2011-2015.

Con este novo convenio varían tanto as frecuencias coma o número de percorridos e os puntos de parada e a **aportación económica** ascende a:

Ano 2010: 9.323 € para sete mensualidades deste ano.
Ano 2011: 17.092 €.
Ano 2012: 18.286 €.
Ano 2013: 19.575 €.
Ano 2014: 20.966 €.
Ano 2015: 22.467 €.

Débase ter en conta que o anterior convenio finaliza o 31/12/2010. Sen embargo, dende o día no cal se asine este novo (aproximadamente no mes de maio), aplicaranse as tarifas deste e deixarán de aplicarse as do antigo, motivo polo cal se establece o importe aproximado de 9.323 € para este ano 2010.

A razón deste adiantamento na entrada en vigor do novo convenio, é que os convenios doutros transportes metropolitanos galegos caducan neste mes e non procede aplicar diferentes tarxetas polos mesmos servizos prestados na comunidade, senón que é necesario unificar os criterios para a prestación do servizo.

Por outra banda a consellería asume o compromiso de subministración de novas marqueisiñas e postos de parada ata o importe máximo de 300.000 € durante o período de vixencia do convenio.

O sr. Viaño pregunta se realmente se establece a parada de Deseiro (no cruce da N-525 coa pista de Deseiro) e se se incrementan o número de viaxes.

O sr. alcalde , di que a pesar do informe negativo de “ medio Ambiente , territorio e infraestruturas”, reiteramos a inclusión desa parada.

Pregunta o sr. Viaño se hai unha parada no Castiñeiriño, e resposta o sr. alcalde que para no Castiñeiriño, onde a estación do tren e na Pontepedriña.

Neste intre no salón de plenos entra o concelleiro don José M^a Fernández Vázquez.

O sr. Viaño di que este convenio supón unha aportación municipal económica importante e solicita que a pesar da situación económica do concello, non se olvide consignar nos respectivos presupostos as correspondentes aportacións.

Por outro lado , o sr. alcalde di que na táboa 2 de percorridos, na liña Boqueixón sn-5 Ponte Ledesma – Santiago, inclúese O Pino, aínda que non se refire a este concello, senón á parada que existe na estación da Susana, polo que se debe solicitar este cambio e polo tanto que indiquen “estación da Susana” e non O Pino.

Sen máis por unanimidade acórdase:

1º.- Aprobar o seguinte convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela.

En....., o día de de 2010.

REUNIDOS:

D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en nome e representación de dita Consellería.

D., alcalde – presidente do concello de Santiago.

D., alcalde – presidente do concello de Ames.

D., alcalde – presidente do concello de Boqueixón.

D., alcalde – presidente do concello de Brión.

D., alcalde – presidente do concello de Oroso.

D., alcalde – presidente do concello de O Pino.

D., alcalde – presidente do concello de Teo.

D., alcalde – presidente do concello de Touro.

D., alcalde – presidente do concello de Trazo.

D., alcalde – presidente do concello de Val do Dubra.

D., alcalde – presidente do concello de Vedra.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente Convenio de Colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

Con data 12 de maio de 2006, tense asinado un Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela.

Transcorrido un tempo suficiente de vixencia do mesmo para a avaliación das políticas de fomento de transporte público nel contidas, advertiuse polas Administracións participantes a necesidade de afondar en actuacións que melloren a calidade e competitividade do transporte público, dada a positiva acollida da anterior por parte dos usuarios. Este maior desenvolvemento require igualmente dun esforzo máis xeneroso por parte das administracións asinantes, así como unha vontade de coordinación que, entre outras actuacións, supoña avances na integración das diferentes redes de transporte público considerando a Área de transporte metropolitano como un todo integrado.

Por outra banda, un dos principais obxectivos que se persegue coa sinatura deste novo Convenio é chegar a un verdadeiro transporte metropolitano e que a propia corona do concello de Santiago

se vexa favorecida por unha aposta clara de colaboración por parte da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia.

Para rematar, o novo Plan de Transporte Metropolitano da área de Santiago de Compostela contén de xeito detallado todas as prescricións técnicas a desenvolver na área, de modo que a través do presente Convenio as partes asinantes declaran o seu acordo de vontades na implementación e desenvolvemento do mesmo.

De conformidade co exposto, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as Administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento da mobilidade sostible, para o que formulan o presente Convenio con base nas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto, ámbito de aplicación e órgano de representación

O presente Convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros na Área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela en desenvolvemento do Plan de Transporte Metropolitano da área de Santiago de Compostela (en diante Plan de transporte metropolitano).

Con este obxecto, constitúese, con efectos funcionais para o desenvolvemento do presente Convenio, a denominada Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, que está constituída polo ámbito xeográfico dos municipios asinantes.

Segunda.- Fomento do transporte público

As Administracións asinantes, en aras da defensa dunha mobilidade sostible, implantarán as medidas de fomento do transporte público contidas no anexo técnico do Plan de transporte metropolitano (documento que se adxunta), nos termos previstos no presente Convenio.

De xeito xenérico, as Administracións participantes potenciarán de forma específica a utilización do transporte público colectivo, e, especialmente, a introdución de medidas de discriminación positiva en favor do transporte público colectivo de viaxeiros fronte ao transporte particular.

De acordo coas previsións do citado anexo técnico do Plan de transporte metropolitano, as Administracións asinantes declaran coñecer e aprobar as propostas técnicas contidas no mesmo respecto do transporte metropolitano de Santiago de Compostela, especialmente nos seguintes aspectos:

a) Mellora da conectividade entre redes do transporte público.

As Administracións asinantes levarán a cabo as modificacións precisas nos servizos da súa titularidade para o cumprimento das actuacións indicadas no anexo técnico do Plan de transporte metropolitano.

Por outra banda, os acordos relativos aos percorridos e puntos de parada que se reflectan no anexo técnico do Plan e que, posteriormente, se incluírán nos Contratos-

Programa serán vinculantes para os diferentes operadores de transporte polo que, a DXM poderá dentro do ámbito das súas competencias e, coa colaboración da Policía Local, realizar labores de inspección encamiñadas a asegurar o cumprimento destes extremos e, no caso de que os servizos non se realicen conforme ao pactado, adoptar as medidas que legalmente procedan.

b) Incremento da oferta de transporte público.

As Administracións asinantes acordan o establecemento de servizos de transporte de viaxeiros por estrada regulares permanentes de uso xeral no ámbito da área de transporte metropolitano, baixo dúas modalidades: servizos de predominante interese municipal (SIM, no sucesivo), e

servizos de interese metropolitano (SIME, no sucesivo), co gallo de crear corredores metropolitanos de altas prestacións.

b.i) Servizos de predominante interese municipal. Terán este carácter os novos servizos deseñados para atender as necesidades de desprazamento dun único concello, ben sexan tráfico interiores del, ben de conexión con outro/s concello/s da área de transporte metropolitano.

A implantación destas novas liñas requirirá o previo estudo e aprobación pola Comisión de Seguimento, cos votos favorables, en todo caso, da Xunta de Galicia e dos concellos directamente afectados. Concertado o establecemento do novo servizo pola comisión de seguimento do convenio, as administracións parte adoptarán as medidas precisas para a súa autorización, o cal se fará preferentemente mediante a formalización de contratos – programa específicos coas empresas prestatarias.

Os SIM, en caso de presentar déficits de explotación nos seus resultados

individualmente considerados, serán financiados polos concellos nos que teñan tráfico autorizado. No caso de que afecten a máis dun municipio, os gastos distribuiranse entre eles atendendo á utilización real dos mesmos, aos kilómetros percorridos e á poboación afectada, consonte coa fórmula de ponderación destes dous elementos.

Unha vez establecido o servizo, a Dirección Xeral de Mobilidade trasladará a cada parte o importe a satisfacer á empresa operadora; este importe corresponderase cos datos obtidos para o efecto a través da aplicación informática SITME.

b. ii. Servizos de interese metropolitano (SIME). Preténdese a mellora da oferta de transporte público, creando corredores metropolitanos de altas prestacións e atendendo á poboación afectada e ao sistema concesional existente. Deste xeito, implementaranse, entre outros, servizos especiais directos (SED, en diante). Terán este carácter os novos servizos deseñados para atender a conexión rápida e sen paradas intermedias dos principais núcleos da área de transporte metropolitano, especialmente cara ao núcleo principal.

Trátase de servizos novos, que incrementando a oferta actual, permitan un aumento considerable da mobilidade nos principais corredores da área; por este motivo, a Dirección Xeral de Mobilidade deseñará un sistema de corredores que, de xeito experimental, porá en marcha durante un prazo de entre tres e seis meses, sufragando esta administración os déficits de explotación destes novos servizos durante a súa fase experimental.

Cara o final do indicado período experimental, a Dirección Xeral de Mobilidade elevará á comisión de seguimento unha análise do funcionamento dos servizos para os efectos de valorar a súa continuidade no tempo. Neste caso, as partes afectadas contribuirán ao seu mantemento sufragando o déficit dos servizos, se é o caso, na mesma porcentaxe prevista para a participación na bonificación zonal de carácter xeral (20 %

concellos – 80 % Xunta de Galicia). No caso de que o servizo sirva a varios concellos, repartirase o déficit xerado a partir duns criterios de imputación de kilómetros (custes) e viaxeiros (ingresos) aos diferentes concellos.

O establecemento de xeito permanente destes servizos requirirá a aprobación da Comisión de Seguimento, cos votos favorables, en todo caso, da Xunta de Galicia e dos concellos directamente afectados, séndolles de aplicación o réxime de operatividade do financiamento previsto para as bonificacións tarifarias.

Para o financiamento destes servizos, a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dispón de crédito suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 07.05.512A.470.1, nos importes e distribucións de anualidades indicados no anexo ao presente convenio. A participación que será imputable aos concellos figura incluída nas contías estimadas destinadas a incremento de oferta e incorporadas ao referido anexo, obrigándose á súa achega á Xunta de Galicia nos mesmos termos e prazos previstos na estipulación terceira deste convenio; estes ingresos serán obxecto de incorporación orzamentaria pola Dirección Xeral de Mobilidade nos mesmos termos previstos para os correspondentes ao resto de política tarifaria.

Asemade, as partes asinantes do presente convenio de colaboración plasman a través deste instrumento o seu acordo de mutua colaboración cara asegurar a prestación do transporte

público na área de Santiago de Compostela, no marco do estatuto de capitalidade desta cidade. Singularmente, e neste marco, o concello de Santiago de Compostela comprométese a someter ao acordo previo da comisión de seguimento deste convenio a implantación de novos servizos de transporte, de interese municipal, na área de Porto de Fornelos.

Igualmente, os concellos de Teo e de Santiago de Compostela comprométese a someter á referida comisión de seguimento, no prazo de dous meses dende a formalización deste convenio, un proxecto de mellora do transporte público de viaxeiros na parroquia dos Tilos, determinando as condicións de tráfico, itinerarios, servizos, frecuencias e horarios, así como o réxime de tarifas destes servizos; no seu acordo, e por razóns xustificadas de interese público, poderá preverse para a prestación deste servizo a súa prestación de xeito integrada nos servizos de transporte urbano do concello de Santiago de Compostela.

c) Infraestruturas de transporte público.

As administracións asinantes comprométese a levar a cabo unha actuación singular de mellora das infraestruturas do transporte metropolitano no ámbito da área.

i. Singularmente, os concellos parte asumen o compromiso expreso de mantemento e conservación das infraestruturas, marquesiñas e áreas de estacionamento de autobuses executadas con base en anteriores acordos coa Xunta de Galicia.

Por outra banda, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia asume o compromiso expreso de subministración de novas marquesiñas, consonte ao modelo rexistrado da Dirección Xeral de Mobilidade, e postes de parada, ata un importe máximo de trescentos mil euros (300.000 €) durante o período de vixencia do convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 07.05.512A.608.0 e co reparto de anualidades indicado no anexo técnico.

Igualmente, os concellos parte asumen o compromiso expreso de instalación, conservación e mantemento daquelas novas marquesiñas e postes de parada que dentro da súa programación de adquisicións, sexan aportadas pola Dirección Xeral de Mobilidade ao plan de transporte metropolitano, situándoas nos lugares de emprazamento que se acorden. Para os efectos desta adscrición ao plan de transporte metropolitano, terase en consideración principalmente o volume de usuarios dos servizos, o estado das infraestruturas existentes, e o número de combinacións entre liñas que en cada parada se produza.

A comisión de seguimento do convenio fará unha supervisión específica das condicións de instalación, mantemento e conservación das marquesiñas; cunha periodicidade cando menos bianual. As administracións locais elevarán á dita comisión un informe sucinto do estado de conservación e mantemento das infraestruturas, coa inserción de fotografías dixitais de todas elas e unha ficha das marquesiñas de nova instalación, na que, entre outros extremos, figurará unha descrición fotográfica e as coordenadas de posicionamento xeográfico (GPS).

ii. Asemade, as administracións participantes se comprometen a colaborar activamente na implantación das plataformas reservadas que nos seus ámbitos resulten dos estudos de viabilidade que actualmente está a elaborar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, singularmente mediante a adopción das previsións necesarias en materia de tráfico e ordenación do territorio e urbanismo, se é o caso. Asemade, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comprométese a colaborar na súa implementación física nos diferentes concellos.

iii. Finalmente, as administracións asinantes comprométese a colaborar no fomento do transporte metropolitano limpo. Con independencia das liñas de axudas que con carácter xeral se establezan dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, esta comprométese a colaborar economicamente na renovación da flota do transporte urbano cun importe de seiscentos mil euros (600.000 €) para o exercicio 2010, con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.512A.770.1.

d) Promoción do transporte metropolitano.

As Administracións asinantes comprométense á promoción do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela. Devandita promoción farase baixo o seu Manual de Uso e Identidade Corporativa que elabore a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Dentro das funcións de promoción do transporte metropolitano, a Dirección Xeral de Mobilidade asume o compromiso de editar e manter actualizados periodicamente os horarios dos servizos de transporte, e a facilitarlos nun modelo harmonizado aos concellos, os cales asumen, á súa vez, a obriga da súa difusión pública e, singularmente, do seu emprazamento e renovación nas marquesiñas e demais infraestruturas do transporte metropolitano.

Para os efectos, a Dirección Xeral de Mobilidade habilitará un procedemento dentro da ferramenta informática SITME que permita a xeración de cadros de horarios para a súa implantación nas marquesiñas; igualmente, no marco desa ferramenta informática habilitará un instrumento de consulta pública, preferiblemente vía web, dos horarios

dos servizos. As aplicacións informáticas prevista nesta estipulación deberán estar ultimadas no prazo de dezaoto meses a contar dende a data de sinatura do presente convenio.

Terceira.- Política tarifaria

As Administracións asinantes comprométense a aplicar no ámbito das súas respectivas competencias a política tarifaria prevista no Plan de Transporte para a Área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela de acordo coas seguintes especificacións:

a) Principios básicos:

Obxectivos.- Os obxectivos fundamentais do Plan de Transporte Metropolitano son contribuír ao fomento da mobilidade en transporte público, favorecer a coordinación entre as diferentes redes de transporte público e mellorar a calidade de información do sistema, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe aos usuarios. O cumprimento deses obxectivos artículase a través da implantación dun sistema zonal, a introdución de medios de pago multimodais e a fixación dunhas tarifas que introducen bonificacións á vez que despenalizan o transbordo.

Zonificación.- Acórdase a implantación dun sistema tarifario zonal que aglutine na Área de transporte metropolitano os diferentes sistemas tarifarios vixentes. Este novo sistema, durante a vixencia do presente convenio e, no seu caso, as súas prórrogas, substituirá aos preexistentes nos modos de competencia da Xunta de Galicia e será complementario no resto. En todo caso, a súa aplicación comezará a partir da data que se estableza con cada empresa no correspondente contrato – programa, ou a que se indique por parte da administración nos actos administrativos polos que, no seu caso, se acorde o establecemento directo deste novo sistema tarifario.

Para iso dividiuse a Área de transporte metropolitano en Zonas de Transporte, consideradas como agrupación dun ou varios concellos, e estableceuse o concepto do número de saltos entre Zonas de Transporte como variable utilizada para fixar o prezo.

Títulos de transporte:- Acórdase, por unha banda, a introdución dun medio de pago, denominado Tarxeta Metropolitana de Galicia, válida en todos os modos de transporte con tráficos metropolitanos; doutra banda, acórdase a ordenación e simplificación dos títulos comercializados polos diferentes modos de transporte nos que a Xunta de Galicia é a Administración titular.

Billete sinxelo (pago en efectivo): válido unicamente para unha etapa, non permite o transbordo.

Tarxeta Metropolitana de Galicia (TMG): trátase dun medio de pagamento (tarxeta moedeiro), emitido pola Xunta de Galicia, directamente ou en colaboración con entidades financeiras, de carácter multiviaxe (permite múltiples cancelacións) e multimodal (aceptable en todos os modos con tráficos); nos pagamentos efectuados con esta tarxeta aplicaranse as bonificacións previstas no presente Convenio.

Tarxeta metropolitana de Galicia social (TMGS): constitúe unha variante da TMG, como tarxetas moedeiro de carácter nominativo, con bonificacións de carácter social. Para o efecto, a Comisión de seguimento deste convenio optará entre as distintas alternativas de bonificación predefinidas pola administración titular da tarxeta dentro das variables que en termos tecnolóxicos permita esta, preferiblemente coa finalidade de establecer perfís e niveis de desconto idénticos en todos os concellos da área.

Niveis de Prezo: - O prezo que terá que abonar o usuario dependerá do número de saltos existentes entre a zona de transporte de orixe e destino, así como do título ou tarxeta utilizado para a súa realización.

O transbordo quedará por tanto despenalizado, sen custo adicional ao viaxeiro, dentro dos límites establecidos.

A introdución destas medidas requirirá a previa formalización de contratos – programas coas empresas prestatarias dos servizos, ou do seu establecemento mediante outras figuras admitidas en dereito. En todo caso, as administracións titulares dos servizo, urbano ou interurbanos, informarán ás demais partes do convenio, a través da súa comisión de seguimento, do estado destes procedementos e das previsións temporais de aplicación progresiva destas medidas.

Niveis de Compensación aos Operadores: - As Administracións promoverán, nos seus ámbitos de competencia, a celebración, preferiblemente, de contratos – programa cos seus concesionarios (operadores en diante) nos que se estableza a nova política tarifaria prevista neste convenio. Devanditos contratos-programa establecerán os niveis e procedementos de compensación, isto é, os ingresos por viaxeiro que percibirán os operadores polas cancelacións que se produzan utilizando os títulos integrados na Área de transporte metropolitano.

Contía, natureza e límite das Bonificacións: - A contía da diferenza entre os niveis de compensación (ingreso por cancelación que se pacten co operador) e o custo efectivo asumido polo usuario determinará o volume de recursos globais a achegar polas Administracións Públicas, denominada Bonificación Global da Viaxe.

A bonificación global da viaxe subdivídese en bonificación zonal, asociada á etapa principal, e bonificación por transbordos, sendo o nivel de imputación e participación das diferentes administracións diferente en cada unha delas, conforme ao establecido na presente cláusula.

Imputación das bonificacións.- As contías das bonificacións previstas na presente cláusula, cos límites establecidos na mesma, repartiranse porcentualmente entre as Administracións convenientes sobre criterios de competencia (administración competente), natureza da etapa (transbordo ou non) e uso (concello de orixe da primeira etapa e concello destino da última), de acordo co procedemento establecido no Plan de transporte metropolitano.

Actualizacións.- A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación estarán sometidas ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas consonte coas Ordes de incrementos tarifarios, tomando como base para devandito efecto os incrementos experimentados polo IPC do sector transportes.

b) Procedementos:

Contía e revisión das achegas.- A achega que corresponde efectuar a cada Administración pública con base no previsto anteriormente estímase na contía determinado para ese efecto no Plan de transporte metropolitano, sen prexuízo da súa actualización anual pola Comisión de Seguimento segundo o procedemento fixado nesta mesma estipulación. Devandita previsión estimarase en todo caso aproximada, considerando a ponderación que se efectúa no referido Plan tanto da penetración social dos novos medios de pago cos que operará a bonificación, como da porcentaxe máxima global de incremento de usuarios bonificados pola Administración, asumindo expresamente as partes a asunción de eventuais obrigacións por encima das indicadas contías, e coa mesma sistemática que a prevista no punto anterior.

As administracións públicas parte no convenio dispoñen do orzamento preciso para o presente exercicio, e comprométense a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda segundo o referido anexo e os acordos de reaxuste, actualización e liquidación adoptados pola Comisión de seguimento do convenio.

As cantidades indicadas no Plan de transporte metropolitano serán actualizadas anualmente pola Comisión de Seguimento, atendendo os resultados de explotación do ano anterior.

Liquidación. No mes de xaneiro, a Dirección Xeral de Mobilidade remitirá a cada unha das partes do convenio a liquidación do ano anterior, atendendo ás obrigas que efectivamente correspondera aboar a cada administración; esta liquidación será emitida e xustificada atendendo aos datos extraídos directamente da aplicación informática SITME.

A referida liquidación preverá os reaxustes das obrigas da correspondente anualidade, establecendo tanto unha minoración da parte a ingresar que deban materializar para ese ano os concellos excedentarios do ano anterior coa incorporación pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dos fondos sobrantes daquel exercicio polas súas respectivas participacións; como un incremento do correspondente aos municipios deficitarios, ata o importe non cuberto no exercicio anterior.

Transferencia e xestión das achegas.- As achegas indicadas serán xestionadas pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia; para tal fin, os concellos subscribentes comprométense a transferir a esta as súas correspondentes achegas non máis tarde do día trinta e un de marzo do ano ao que correspondan, ou, de resultar posterior, unha vez transcorridos dous meses dende que a Dirección Xeral de Mobilidade traslade aos concellos a liquidación do ano anterior e o importe que corresponda ingresar no corrente, consonte co indicado nesta estipulación; para tal fin, as administracións deberán efectuar o ingreso na conta xeral da Xunta de Galicia, e achegar á Dirección Xeral de Mobilidade dentro do indicado prazo xustificante de ter efectuado este ingreso. Estes importes serán obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 07.05.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, na que figura xa o orzamento comprometido pola administración autonómica co desglose de anualidades indicado no Plan de transporte metropolitano inserido como anexo a este convenio.

De non se efectuar as achegas correspondentes a cada administración nos prazos fixados, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exixibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter, e compensar os referidos importes das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.

Liquidacións aos operadores.- A Dirección Xeral de Mobilidade será a encargada de tramitar a compensación aos operadores, tanto interurbanos como urbanos, da minoración do prezo a pagar polos usuarios sobre a tarifa de equilibrio concesional que se deriva da aplicación da política tarifaria decidida no presente Convenio, de acordo cos acordos específicos que subscriba para ese efecto cos operadores da súa competencia ou coas Administracións responsables.

Medios de pago e sistema de cancelación- As Administracións asonantes concertarán cos operadores de transporte público o establecemento do medio de pago dos títulos de transporte e sistema de cancelación dos mesmos, cuxas características técnicas recóllense no Plan de transporte metropolitano. Para tal fin, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá celebrar acordos de colaboración con entidades financeiras.

As máquinas canceladoras incluídas no transporte urbano de Santiago de Compostela teñen que contar cuns requisitos de homologación previamente determinados pola Dirección Xeral de Mobilidade. A inversión que sexa necesaria facer neste sistema de cancelación para os autobuses do transporte urbano será asumida pola Xunta, ata un importe máximo de douscentos trinta mil euros (230.000 €), con cargo á aplicación 07.05.512.A.770.0 no exercicio 2010., Para

facilitar o proceso de implementación das mesmas, o concello de Santiago de Compostela, a través da empresa municipal TUSSA, adquirirá as devanditas máquinas canceladoras respetando as indicacións técnicas proporcionadas previamente pola Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia e será responsable da súa utilización por parte da empresa concesionaria do transporte urbano.

Cuarta.- Comisión de Seguimento

1.- Composición.- A Comisión de Seguimento integrará a todas as Administracións participantes no presente Convenio e estará composta por:

A persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que a presidirá, podendo delegar o exercicio das súas funcións na vicepresidencia da Comisión.

A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, que actuará como vicepresidente e exercerá o dereito de voto que corresponde á Xunta de Galicia, podendo ser suplida por un subdirector da indicada Dirección Xeral; sen prexuízo da delegación prevista no apartado anterior, á persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade ou ao seu suplente corresponderalle a presidencia en caso de ausencia do Presidente.

O Alcalde-Presidente de cada un dos municipios asinantes, que exercerán o dereito a voto que a cada un deles lles corresponda; poderán ser suplidos por un concelleiro das respectivas corporacións. Devanditos representantes poderán acudir ás reunións desta Comisión asistidos por un técnico do indicado municipio.

Ata tres técnicos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade.

Como secretario desta comisión asistirá ás súas reunións, con voz pero sen voto, un técnico da Dirección Xeral de Mobilidade.

A persoa que deteña a presidencia da comisión poderá autorizar a asistencia á mesma, con voz pero sen voto, de canto persoal técnico vinculado directa ou indirectamente coas administracións parte, estime oportuno.

2.- Funcións.- A Comisión de Seguimento será a encargada do seguimento, interpretación e control do cumprimento do presente Convenio e asumirá, en particular, as seguintes funcións:

a) Impulsar a programación das actuacións incluídas no ámbito do presente Convenio, propondo no seu caso as variacións que se consideren precisas.

b) Resolver os problemas que se susciten na interpretación deste convenio.

c) Garantir o intercambio de información entre as Administracións participantes.

d) A elaboración e elevación ás respectivas administracións competentes de propostas destinadas a mellorar a eficiencia do sistema de transporte da Área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela.

e) A introdución de bonificacións especiais a colectivos específicos de usuarios.

f) A modificación das condicións concretas de utilización dos títulos tarifarios metropolitanos.

g) A análise e proposta ás administracións parte da adopción progresiva de medidas de discriminación positiva a favor do transporte público colectivo fronte ao transporte particular; para tal fin, sen prexuízo dos compromisos asumidos xa no presente convenio, a comisión promoverá o desenvolvemento e seguimento de estudos sobre a introdución, entre outras medidas, de carrís bus, restricións de estacionamento, direccións únicas, prioridade semafórica,

...

h) Todas aquelas funcións que se lle atribúan no presente Convenio.

3.- Operatividade.- A Comisión reunirse cunha periodicidade cando menos semestral. Así mesmo tamén deberá reunirse cando o decidan:

O seu Presidente;

O vinte e cinco por cento dos votos ponderados que represente á metade dos Concellos;

A Comisión adoptará os seus acordos por maioría simple do total dos votos ponderados emitidos; no entanto, será preciso o voto cualificado do sesenta por cento do voto ponderado e

un mínimo de tres concellos para a adopción de propostas de integración de novos membros no ámbito do Convenio.

No caso de adopción de propostas que supoñan compromisos orzamentarios para as partes suscribintes maiores dos previstos no propio Convenio, a Comisión adoptará os seus acordos pola maioría cualificada prevista no párrafo anterior, e co voto favorable dos concellos directamente afectados. Aos efectos deste Convenio, non se considerará como incremento do compromiso orzamentario as variacións nas achegas a realizar polas Administracións cando se deriven de incrementos sobre os niveis de demanda actuais de transporte público.

No caso de adopción de acordos relacionados coa variación da oferta de servizos ou cos percorridos urbanos das liñas metropolitanas na cidade cabeceira, a Comisión deberá contar co voto favorable da Xunta de Galicia e dos concellos directamente afectados pola medida.

A ponderación de votos na Comisión realizarase de acordo co seguinte baremo:

Xunta de Galicia: 50% dos votos.

Concellos: 50% dos votos; a asignación de votos

ponderados entre os Concellos realizarase de acordo coa poboación de dereito de cada un deles no momento de formalización do presente convenio, coa seguinte repartición:

CONCELLO POBOACIÓN A 01/01/08 POBOACIÓN (% s/área) VOTOS

CONCELLO	POBOACIÓN A 01/01/08	POBOACIÓN (% s/área)	VOTOS
SANTIAGO	94339	53%	26% 7%
AMES BOQUEIXÓN	25818	14%	1%
BRIÓN	4445	2%	2%
OROSO	7104	4%	2%
O PINO	6804	4%	1%
TEO	4782	3%	5%
TOURO	17625	10%	1%
TRAZO	4266	2%	1%
VAL DO DUBRA	3509	2%	1%
VEDRA	4481	3%	1%
	5063	3%	
Total	178236	100%	50%

A distribución do voto entre os concellos poderá ser revisada anualmente a petición de calquera dos municipios, efectuada con dez días de antelación, cando menos, á data de celebración das reunións; igualmente, será revisada no caso de incorporación de novos membros, incorporando aos respectivos acordos da comisión de seguimento a nova distribución do voto que corresponda.

Quinta.- Duración

O presente convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2015**.

Á finalización do período indicado, co fin de manter a liña de colaboración iniciada durante a elaboración, tramitación e formalización dun novo marco de colaboración que veña a dar continuidade ao presente Convenio, estimarase este prorrogado por prazos dun ano en caso de acordalo así a Comisión de Seguimento.

Devandito acordo deberá ser adoptado con anterioridade ao 1 de maio do ano do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prórroga, e no mesmo deberán detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración.

Igualmente, no caso de negativa dalgún concello ao mantemento da liña de colaboración, as administracións partes poderán optar polo seu mantemento unicamente entre as que teñan mostrado expresamente a súa conformidade no seo da indicada comisión de seguimento.

Sexta.- Extinción, modificación e novación

Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente Convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como proceder á novación do mesmo, subscribindo tal acordo por escrito e coas mesmas formalidades que as do presente Convenio.

A novación subxectiva do Convenio, consistente na entrada de novos municipios no seu ámbito, requirirá o acordo adoptado por maioría cualificada da Comisión de Seguimento previsto na estipulación cuarta; logo do anterior, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asinará un acordo co novo membro, mediante o que formalice a súa inclusión no ámbito do presente convenio.

A integración dun novo membro, no caso de que algunha das administracións parte no presente convenio manfeste o seu rexeitamento, dará lugar a que non se establezan as medidas de fomento previstas no plan de transporte metropolitano nas relacións de tráfico que se desenvolvan entre estes concellos.

A novación subxectiva do Convenio, consistente na súa denuncia por calquera dos seus membros, requirirá a previa comunicación deste ao Presidente da Comisión de Seguimento non máis tarde do día 30 de xuño do ano anterior a aquel no que se materializará a súa saída da área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela; ante esta denuncia, a Dirección Xeral de Mobilidade optará entre a suspensión plena das medidas de fomento do transporte público previstas neste convenio no ámbito do referido concello, ou a súa limitación ás contías sufragadas directamente pola Xunta de Galicia.

En todo caso, aínda no caso de denuncia do convenio e saída do seu ámbito, continuarán vixentes as obrigas de mantemento e conservacións das infraestruturas de transporte que se teñan instalado no ámbito do correspondente concello, previstas neste convenio, así como as de reserva nestas de lugares para a exposición de información dos servizos de transporte público.

Sétima.- Réxime xurídico

O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e no Título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ao presente Convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das Administracións Públicas, segundo o disposto no artigo 4 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Oitava.- Final

1. A constitución da denominada Área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela lévase a cabo con efectos exclusivamente funcionais, sen que supoña a constitución de novos órganos administrativos, nin a atribución de personalidade xurídica propia, nin a atribución ou delegación de competencias propias de cada unha das Administracións asinantes.

2. O presente convenio trae causa do asinado con data do 12 de maio de 2006 entre a Xunta de Galicia e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, Teo, Val do Dubra e Vedra, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela. Por esta razón, e ata que se acade a plena implantación das medidas expostas neste convenio referentes a política tarifaria, seguirán vixentes entre as partes as obrigas asumidas con base no anterior convenio; así, as contías ingresadas polas partes no

marco do anterior convenio para o financiamento da política tarifaria, serán incorporadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e a súa liquidación efectuarase de xeito conxunto, sen prexuízo da debida separación das obrigas atendendo ao marco de colaboración con base ao que fosen adquiridas.

Igualmente, manteranse vixentes as obrigas asumidas polas partes para a conservación e mantemento de infraestruturas, sen prexuízo da súa interpretación, tanto respecto das novas como das preexistentes, nos termos indicados nas estipulacións do presente convenio.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente Convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

ANEXO TÉCNICO DO CONVENIO DA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Febreiro de 2010

INDICE:

1 INTRODUCCIÓN.....	2
2 ACTUACIÓN CONTIDAS NO ANEXO.	3
2.1 Programa para a Mellora da Conectividade entre as Redes de Transporte Público.	3
2.2 Programa para incrementar a Oferta de Transporte Público.....	5
2.2.1 <i>Incremento da oferta nas liñas de predominante interese municipal.</i>	<i>5</i>
2.2.2 <i>Incremento da oferta no transporte metropolitano da ATM de Santiago.....</i>	<i>6</i>
2.3 Programa para a Implantación dun Sistema Tarifario Integrado.....	8
2.3.1 <i>Zonificación.....</i>	<i>8</i>
2.3.2 <i>Títulos de Transporte.....</i>	<i>10</i>
2.3.3 <i>Sistema de Cancelación no transporte urbano.....</i>	<i>10</i>
2.3.4 <i>Niveis de Prezo.....</i>	<i>10</i>
2.3.5 <i>Niveis de Compensación aos Operadores</i>	<i>12</i>
2.3.6 <i>Contía das Bonificacións.....</i>	<i>13</i>
2.3.7 <i>Imputación das Bonificacións</i>	<i>13</i>
2.4 Programa de mellora na información e nas Infraestruturas asociadas ao transporte colectivo	15
2.5 Contía e Revisión das Achegas.....	16

1 Introducción

O presente documento contén de xeito detallado todas aquelas actuacións que se van desenvolver co obxectivo último de mellorar substancialmente o transporte público na ATM de Santiago.

Todas as medidas aquí recollidas van encamiñadas a fomentar o transporte público de viaxeiros e dotar ás administracións implicadas de ferramentas específicas que se van desenvolver na ATM de Santiago e que conducirán á implantación dun sistema de transporte de viaxeiros eficiente que se contemple coma unha alternativa viable á utilización do transporte privado nos desprazamentos que se produzan na área. O conxunto de actuacións contidas no Anexo agrúpanse ao redor de catro programas complementarios entre si:

- Programa para mellorar a conectividade entre as redes de transporte público mediante a implementación de novos percorridos e puntos de parada urbanos na rede metropolitana e interurbana mellorando a funcionalidade do sistema ao aumentar a cobertura directa e a conectividade entre as diferentes redes.

- Programa para incrementar a oferta de transporte público mediante a implantación de novos servizos ou intensificación doutros xa existentes co obxectivo último de mellorar a cobertura e funcionalidade do sistema de transporte público colectivo.
- Programa para a Implantación dun Sistema Tarifario Integrado. A integración tarifaria é unha medida clave para lograr unha modernización do transporte público sendo unha ferramenta fundamental que permitirá actuar sobre prezos, coordinación e información do sistema.
- Programa de mellora na información e nas infraestruturas asociadas ao transporte colectivo. Con este programa preténdese renovar e modernizar profundamente a infraestructura asociada ao sistema de transporte público co obxectivo último de mellorar a súa imaxe e comodidade. Así mesmo, tamén se inclúen dentro deste programa actuacións que van dirixidas a lograr unha mellora na información dentro do sistema de transporte colectivo.

2 Actuacións contidas no Anexo.

Sínálase a continuación para cada programa o conxunto de actuacións, en detalle, que acordaron as Administracións asinantes do Convenio.

2.1 Programa para a Mellora da Conectividade entre as Redes de Transporte Público.

Os novos itinerarios urbanos e puntos de parada do Transporte Público dependerán da natureza do servizo e do corredor dende ó que se acceda á cidade. Os destinos son:

o A Estación de Autobuses, para os corredores procedentes do Norte (excepto

o de Sigüeiro) e os servizos de natureza non metropolitana

o O intercambiador de Rúa da Rosa para o resto

As administracións firmantes poderán analizar, dentro do marco do Convenio e durante a vixencia do mesmo, novos emprazamentos para o intercambiador ou intercambiadores.

A implementación dos novos percursos e puntos de parada urbanos na rede metropolitana e interurbana que aparecen recollidos no anexo técnico do Plan dentro deste programa non variarán as obrigas económicas que teñen na actualidade os operadores de transporte coa Estación de Autobuses.

Estes percursos de expedicións interurbanas na cidade dependen da súa natureza, metropolitana ou non. Considéranse de natureza metropolitana aquelas expedicións nas que, ou ben o percorrido íntegro transcorre no ámbito formado polos municipios de Ames, Boqueixón, Brión, O Pino, Oroso, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra, ou ben o tempo de percorrido ata á cidade cabeceira, Santiago de Compostela, é menor dunha hora. Así, na seguinte táboa, defínense as paradas segundo o corredor de acceso.

Táboa 1. Paradas establecidas nas liñas metropolitanas e non metropolitanas

Nome Corredor	Tipo (1)	Nome Parada	Subida e Baixada (2)
N545 (Carballo)	M	Vista Alegre	X
	M	Avenida de Castela	X
	M	Xoán XXIII	X
	M e Non M	Estación de Autobuses	X
N-550 Norte	M	Salgueiriños	X
	M e Non M	Estación de Autobuses	X
	M	Estación de Autobuses	X
Sigüeiro	M	Salgueiriños	X
	M e Non M	Estación de Autobuses	X
	M	Estación Ferrocarril	X
	M	Rúa da Rosa	X
N-634	M	S. Lázaro (Instalacións da Xunta)	X
	M e Non	Estación de Autobuses	X

	M		
N-550	M e Non M	Hospital clínico	X
Sur	M	Romero Donallo	X
	M	Rúa da Rosa	X
	Non M	Estación Ferrocarril	X

Nome Corredor	Tipo (1)	Nome Parada	Subida e Baixada (2)
	Non M	Estación de Autobuses	X
A- 261 (ARINS)	M e Non M	Cruceiro de Sar	X
	M	Curros Enriquez	X
	M	Concheiros	X
	M e Non M	Estación de Autobuses	X
N-525-AP53	M	Castiñeiro	X
	M	Pontepedriña	X
	M	Rúa da Rosa	X
	Non M	Estación Ferrocarril	X
	Non M	Estación de Autobuses	X
AC-543	M e Non M	Hospital Clínico	X
	M e Non M	Mestre Mateo, Campus sur	X
	M	Romero Donallo	X
	M	Rúa da Rosa	X
	Non M	Estación Ferrocarril	X
	Non M	Estación de Autobuses	X

(1) Tipo de parada; codifícase como tipo “M” as paradas correspondentes ás liñas de natureza metropolitana, e coma tipo “Non M” ás liñas de natureza non metropolitana.

(2) Serán paradas de subida de pasaxeiros cando o sentido do percorrido sexa de saída da cidade e de baixada cando o sentido do percorrido sexa de entrada na cidade. Non baixarán pasaxeiros nas paradas sinaladas cando o sentido do percorrido sexa de saída da cidade e non subirán pasaxeiros cando o sentido do percorrido sexa de entrada á cidade.

Os puntos de parada aquí definidos, son froito do acordo entre as Administracións firmantes, e non terán repercusión sobre as definidas no título concesional correspondente en cada caso.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Mobilidade (DXM) deberá contar co informe preceptivo do Concello de Santiago previo a calquera modificación que se produza das expedicións que aflúen á cidade, especialmente aumentos ou diminucións no número de movementos. Desta maneira, poderase actuar convenientemente no caso de que o intercambiador de Rúa da Rosa acade o punto de saturación, do que a DXM informará ó Concello para iniciar as actuacións necesarias consensuadas para acadar unha nova solución e, se é necesario, redefinir os percorridos urbanos do transporte público. De calquera xeito, queda expresamente prohibido que os

autobuses interurbanos realicen paradas de regulación no intercambiador da Rúa da Rosa.

O punto de saturación do intercambiador da Rúa da Rosa fíxose nun máximo de 4 autobuses estacionados ao mesmo tempo e a estancia máxima de cada un deles estableceuse en 5 minutos.

2.2 Programa para incrementar a Oferta de Transporte Público.

O obxectivo fundamental é dar unha resposta eficiente ás novas demandas existentes en materia de transporte público a través dun incremento dos servizos existentes o cal, á súa vez, implicará unha redución dos tempos de espera.

Nesta liña, o incremento da oferta de transporte público existente faise realidade mediante dous tipos de actuacións:

- Por un lado, o incremento daqueles servizos que afectan na súa maior parte a un único concello, e que se denominan a estes efectos ‘de predominante interese municipal’.
- Por outra banda, o incremento dos niveis de oferta das distintas liñas que vertebran cada unha das áreas metropolitanas.

2.2.1 Incremento da oferta nas liñas de predominante interese municipal.

O incremento da oferta dos servizos de interese municipal determinouse de xeito consensuado con tódolos concellos que conforman a ATM de Santiago. As novas liñas deberán ser materializadas mediante contratos-programa e financiadas, na súa totalidade, polos propios concellos.

Deste xeito, a nova oferta de servizos de interese municipal nos concellos da ATM de Santiago, queda definida na seguinte táboa.

Táboa 2. Incremento da Oferta dos Servizos de Interese Municipal (SIM)

Incremento da Oferta dos Servizos de Interese Municipal (SIM) A fixación definitiva dos itinerarios, horarios e calendarios das expedicións farase nos Contratos-Programa a firmar cos diferentes operadores de transporte. En caso de existir varios concesionarios afectados, a Xunta de Galicia procurará, en primeiro lugar, o acordo entre operadores. En caso contrario, promoverá as medidas legislativas oportunas para materializar este incremento de oferta no menor tempo posible.

CONCELLO	LIÑA	PERCORRIDO	EXPEDICIÓNS
BRION	SBRI-1 Vilanova - Os Anxeles	Vilanova-Outeiro-Rial-Gandara-Babenco-Sabaxáns-Chave de Ponte-Caxusa-Outeiro-Coruxido-Osebe-Casaldoeiro-Soigrex-a-San Salvador-Vilas-Guisande-Perros-Soigrex-a-Piñeiro-Buio-Os Anxeles	2 expedicións diarias M e X Laborais
	SBRI-2 A Graña-Cruce dos Anxeles	A Graña-Cornanda-Goiáns-Ardions-Amanecida-Luaña-Cristimil-Vexo-Espiñeiros-Ninans-Touris-Vioxo de Abaixo-Vioxo de Arriba-Pousada-Esparis-Foxan-Salaño Grande-Salaño Pequeño-Fonteparedes-Mouretans-Vilar-Gronzo-Casal-Brion de Arriba-Pedrouzos-Liñares-Cruce dos Anxeles	2 expedicións diarias M e X Laborais
TEO	STEO-3 Cacheiras-Cacheiras por Casal de Reis	Cacheiras-Sixto-Constela-Pedrouso-Casaldomiro-Vilanova-Mazas-Sollans-Carballal-Galanas-Casalonga-TeXexe-Mouromorto-Cantoña-Trasellas-Bouñou-Fornelos-Raris-Casal de Reis-Outeiro-A Florida-A Ramaíosa-Luci-Paredes-Cachóns-Ribas-Cepeda-Castres-Os Verxeles-Sebe-Cacheiras	14 expedicións diarias L-V Laborais

CONCELLO	LIÑA	PERCORRIDO	EXPEDICIÓNS
	STEO-4 Cacheiras-Cacheiras por Comide	Cacheiras- A Devesa-Raxo-Penelas-A Torre-Castres-Os Verxeles-Chaves-Ramalloso-Sestelo-Caxade-Aido-Nespereira-Paxaro-Espasende-Comide-Casalonga-Galanas-Carballal-Sollans-Guldris-Pedrouso-Casaldemiro-Casal-Vilanova-Tarrio-Pedra-Sebe-Cacheiras	14 expedicións diarias L-V Laborais

2.2.2 Incremento da oferta no transporte metropolitano da ATM de Santiago

O incremento da oferta nos servizos de interese metropolitano determinouse para mellorar a accesibilidade dos diferentes núcleos poboacionais dos distintos concellos que compoñen a ATM de Santiago. Deste xeito, e de maneira consensuada, incrementouse a oferta nuns casos, en liñas metropolitanas xa existentes e, noutros casos, coa creación de novas liñas para facilitar

a conectividade con zonas residenciais emprazadas noutros municipios diferentes ao municipio cabeceira.

A seguinte táboa amosa o incremento de servizos de interese metropolitano acordado entre as diferentes administracións implicadas.

Táboa 3. Incremento da Oferta dos Servizos de Interese Metropolitano (SIME)

CONCELLO	LIÑA	PERCARRIDO	EXPEDICIÓNS
AMES/BRIÓN	SM-4 Chave de Ponte-Santiago	Chave de Ponte-Sabaxans-San Salvador-Perros-Soigrex-A Gandara-O Tremo-Bertamiráns-Aldea Nova-Vilastrexe-Roxos-A Barcia-Vidan-Santiago	7 expedicións diarias L-V Laborais
BOQUEIXÓN	SM-5 Ponte Ledesma-Santiago de Compostela	Ponte Ledesma-Baiuca-Vila da Paz-Camporrapado-Corna-Empalme de Vilar-Forte-Rodiño-Cruce Rodiño-Sergude-O Pino-Susana-Marrozos-Santa Lucía-Santiago	1 expedición diaria L-V Laborais
BOQUEIXÓN/ TOURO	SM-2 Turces- Santiago de Compostela	Turces-Meres-Andeade-Muiña-Cruce Quion-Bentín-Touro-Loxo-Torres de Abaixo-Brandelos-Fonte Rosas-Barranco-Prevediños-Vilar-Empalme de Vilar-Bugalleira-Forte-Fial-Rodiño Grande-Pista de Lamas-Rodiño Pequeño	4 expedicións diarias L-V Laborais

CONCELLO	LIÑA	PERCARRIDO	EXPEDICIÓNS
		Espiñeira-Rubio-Fornas-Ponte de Arins-Devesa-Ponte Marzan-Cruceiro de Sar-Cruce Picaños-Santiago	
BOQUEIXÓN/ TOURO	SM-3 Meres-Santiago de Compostela	Meres-Cornado-Fao-Riveira-Remesquide-Obra-Foxans-Millan-Coto Millan-Empalme de Vilar-Codeso-Boqueixón-Forte-Fial-Rodiño Grande-Rodiño Pequeño-Espiñeira-Rubio-Fornas-Ponte de Arins-Devesa-Ponte Marzan-Cruceiro de Sar-Cruce Picaños-Santiago	6 expedicións diarias L-V Laborais
BOQUEIXÓN/ VEDRA	SM-1 Ponte Ulla-Santiago	Ponte Ulla-Ribadulla-San Pedro de Vilanova-Lestedo-Deseiro- A Gándara-Santiago	2 expedicións diarias L-V Laborais

O PINO	SPIM-1 Santiago de Compostela-Pastor	Marquiño-Gonzá-Santiso-Aeroporto de Lavacolla-Sampaio-Lavacolla de Santiago-Santiago	4 expedicións diarias L-V Laborais
OROSO	SORO-1 Santiago-Sigüeiro-Dexebre	Santiago-Boisaca-A Sionlla-Rua Travesa-Sigüeiro-Vilanova-A Igrexa-Os Carballos-Deixebre	15 expedicións diarias L-V Laborais 1 expedición diaria S Laborais 2 expedicións diarias D e F
TEO	STEO-1 Pontevea-Santiago	Pontevea-A Ramallosa-Cacheiras-Montouto-Santiago	Disponibilidade dun microbus para explotar ambas liñas de forma coordinada coa oferta existente
TEO	STEO-2 A Poboa-Santiago	A Poboa-San Sadurniño-P. Montouto-Santiago	
TRAZO	STRA-1 Santiago-Trazo-O Pedrouzo	O Pedrouzo-Breixo-Vilar-As Cerdeiras-Ocandendo-Viaño Grande-Viaño Pequeño-A Cuca-Casal-A Polveira-Porto-Santiago	8 expedicións diarias L-V Laborais
TRAZO	STRA-2 Santiago-A Pedregueira	A Pedregueira-Tarriño-Restande-A Brea-Lestrove-Agro do Mestre-Merelle-Ponte Albar-Santiago	4 expedicións diarias L-V Laborais
VAL DO DUBRA	SDUB-1 - Cruce Anxeriz-Santiago de Compostela	Cruce Anxeriz-Rial-Bembibre-Campodafeira-Portomouro-Santiago	2 expedicións diarias L-V Laborais

A fixación definitiva dos itinerarios, horarios e calendarios das expedicións farase nos Contratos-Programa a firmar cos diferentes operadores de transporte. En caso de existir varios concesionarios afectados, a Xunta de Galicia procurará en primeiro lugar o acordo entre operadores. En caso contrario, promoverá as medidas legislativas oportunas para materializar este incremento de oferta no menor tempo posible.

2.3 Programa para a Implantación dun Sistema Tarifario Integrado.

Acórdase a implantación dun sistema zonal, a existencia dun soporte tecnolóxico compatible con tódolos modos, a introdución de medios de pago multimodais aceptados por tódolos operadores e a fixación dunhas tarifas que introducen bonificacións á vez que despenalizan o transbordo.

2.3.1 Zonificación

Para a delimitación das zonas da ATM de Santiago tívose en conta a contía e características dos fluxos de transporte (mobilidade) e as redes (oferta) en presenza. Unha zona de transporte estaría constituída por un ou varios municipios e o custo da viaxe ao que debe facer fronte o usuario depende do número de saltos.

O número de saltos entre zonas ven determinado pola distancia, a rede viaria e o sistema de transporte existente permitindo a fácil incorporación das diferentes redes en presenza.

Táboa 4. Zonas de Transporte da ATM de Santiago

Area Metropolitana	Nome Concello	Nome Comarca	Zona de Transporte (a)
	Ames	Santiago	C-San2
	Boqueixón	Santiago	C-San3
	Brión	Santiago	C-San2
	O Pino	Arzúa	C-Arz1


Santiago	Oroso	Ordes	C-Ord1
	Santiago De Compostela	Santiago	C-San0
	Teo	Santiago	C-San3
	Touro	Arzúa	C-Arz1
	Trazo	Ordes	C-Ord1
	Val Do Dubra	Santiago	C-San1
	Vedra	Santiago	C-San3

(a) Zona de Transporte á que se adscribe o Concello.

Táboa 5. Número de Saltos entre as Zonas de Transporte que compoñen a ATM de Santiago

	C-Arz1	C-Ord1	C-San0	C-San1	C-San2	C-San3
C-Arz1	0	1	1	2	2	1
C-Ord1	1	0	1	1	2	2
C-San0	1	1	0	1	1	1
C-San1	2	1	1	0	1	2
C-San2	2	2	1	1	0	1
C-San3	1	2	1	2	1	0

Mapa 1. Mapa Tarifario da ATM de Santiago



2.3.2 Títulos de Transporte

Co fin de implementar un soporte tecnolóxico compatible con tódolos modos e operadores con tráfico na ATM de Santiago, establécese como medio de pago a TMG (Tarxeta Metropolitana de Galicia). Devandita tarxeta será emitida por aquela/s entidade/s financeira/s colaboradora/s e

basearase nunha tecnoloxía sen contacto que mellorará a cantidade e a calidade de información existente na Rede de Transporte da ATM de Santiago.

Doutra banda, prodúcese a unificación e simplificación dos títulos comercializados polos diferentes modos de transporte existentes na ATM de Santiago nos que a Xunta de Galicia é titular.

Deste xeito a panoplia de títulos quedará reducida, nun primeiro momento aos seguintes:

Billete sinxelo (pago en efectivo). Válido unicamente para unha etapa, non permite o transbordo.

Tarxeta metropolitana de Galicia (TMG). Esta tarxeta operará como unha tarxeta moedeiro multiviaxe e multimodal á que se aplican bonificacións que variarán en función dos transbordos realizados.

Títulos da Concesionaria urbana da cidade de Santiago.

Posteriormente, prevese a introdución da Tarxeta Metropolitana de Galicia Social (TMGS), modalidade de TMG persoal e intransferible, que fixa un desconto adicional sobre a tarifa aplicada pola TMG.

2.3.3 Sistema de Cancelación no transporte urbano

As máquinas canceladoras incluídas no transporte urbano teñen que contar cuns requisitos de homologación previamente determinados pola DXM.

A inversión que sexa necesaria facer neste sistema de cancelación para os autobuses do transporte urbano será asumida pola Xunta. Para facilitar o proceso de implementación das mesmas, a empresa municipal TUSSA escollerá as devanditas máquinas canceladoras seguindo as indicacións técnicas proporcionadas previamente pola DXM e será responsable da súa utilización por parte da empresa concesionaria do transporte urbano.

2.3.4 Niveis de Prezo

Os prezos neste sistema tarifario integrado, referidos á TMG e ao billete sinxelo nos modos adscritos á Xunta, fixéanse en función da O/D e non do número de etapas que son necesarias. Prodúcese unha despenalización total do transbordo nos pagamentos coa TMG, e elimínase a competencia vía prezo entre os diferentes modos públicos.

Os niveis de prezos dos Títulos Concesionais daqueles modos non adscritos á Xunta seguirán sendo fixados pola Administración competente.

A aplicación duns niveis de prezos máis vantaxosos para os cidadáns así como a total despenalización do transbordo aplicarase por igual en tódolos concellos das diferentes áreas de transporte de Galicia sen que se produza ningún tipo de diferenzas por razón da orixe ou destino dos viaxeiros.

Os niveis de prezos dos Títulos Concesionais daqueles modos non adscritos á Xunta seguirán sendo fixados pola Administración competente.

En todo caso, o concello de Santiago aplicará para as viaxes realizadas no concesionario urbano, o prezo do bono ordinario empregado no transporte urbano.

Polo tanto, existe un prezo diferenciado para tódalas aquelas viaxes que se realicen dentro do concesionario urbano.

Táboa 6. Niveis de Prezos *(1)

Num Saídas	Sinxelo XG	Tarxeta Metropolitana de Galicia (TMG)	
		Prezo Ata 40 Viaxes	Frecuente Máis de 40 Viaxes (2)
Urbano Santiago	-	0,55 € (3)	
0	1,25 €	0,72 €	0,51 €
1	1,25 €	0,72 €	0,51 €
2	1,75 €	1,10 €	0,54 €

*(1) Os niveis de prezo recollidos na táboa son os niveis tarifarios resultantes da Orde de Tarifas do 6 de Marzo de 2008 e serán actualizados consonte á normativa de aplicación.

* (2) O prezo de cancelación da TMG sempre será o reflectido na primeira columna. Os niveis de prezo que se reflicten na categoría frecuente tan só poderán acadarse mediante a obtención de bonificacións ligadas á recorrencia no momento da recarga.

* (3) Os niveis de prezo recollidos para o urbano son os niveis tarifarios resultantes da Orde de Tarifas aprobada polo concello e serán actualizados consonte á normativa de aplicación.

Os niveis de prezos por salto serán actualizados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas consonte co previsto nas Ordes polas que se regule a revisión das tarifas dos servizos de transporte, tomando como base para devandito efecto os incrementos experimentados polo IPC do sector transportes.

As modificacións tarifarias serán directamente trasladadas ás porcentaxes de desconto, pagamento polos usuarios e imputación de bonificacións, que en cada caso corresponda, para o que a Dirección Xeral de Mobilidade informará ás demais administracións parte das incidencias producidas. Igualmente, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá dispor que as revisións de tarifas non se trasladen ao usuario, e se asuman, ben pola referida administración dentro das obrigas previstas no presente documento, ben mediante a súa distribución equitativa entre as administracións parte previa aprobación, neste caso, pola comisión de

2.3.5 Niveis de Compensación aos Operadores

O sistema de compensación fixa o nivel de ingreso por cancelación coa TMG ou o billete sinxelo (este último título só nos modos adscritos á Xunta) que recibirá o operador tras a posta en marcha do Sistema Tarifario Integrado. A fixación destes niveis perseguen os seguintes obxectivos:

- Non afectar ao equilibrio financeiro actual.
- Conservar o actual sistema de incentivos baseado no risco e ventura. Os ingresos e a rendibilidade da explotación deben de estar vinculados ao número de viaxeiros.
- Manter os niveis de financiamento previamente adquiridos polas diferentes Administracións Públicas.

O sistema de compensación aplicado será o seguinte:

i. Concesións Adscritas á Xunta de Galicia:

- O nivel de compensación establécese sobre o ingreso medio por viaxeiro percibido polo operador por cada ATM-Concesión-Liña-Salto, multitude de viaxes O/D dunha concesión-liña que quedarían englobados baixo a tarificación dun determinado salto, tras aplicar as Tarifas Concesionais.
- Aplicable ás cancelacións realizadas con TMG ou billete sinxelo.
- Aplicarase factores de axuste sobre o prezo de compensación vinculados a:
 - Os incrementos que se produzan no número de viaxeiros transportados. O axuste é parcial permitindo ao operador beneficiarse dunha porcentaxe do incremento de demanda.
 - A calidade de prestación do servizo.
 - As actualizacións que se produzan en base ao IPC do sector.

Desta maneira o nivel de compensación finalmente aplicado obtense en base a aplicación da seguinte fórmula:

$$PC_{ATMit,COit,Lit,Sit} = (IMV_{ATMit,COit,Lit,Sit}) * APC_{ATMit,COit,Lit,Sit} * F_{ccs,ATMit,COit} * AT_{COit}$$

Onde:

PC_{ATMit, COit, Lit, Sit} : Prezo de Compensación ao Operador para a Área de transporte metropolitano-Concesión-Liña-Salto i. IMV_{ATMit, COit, Lit, Sit} : Ingreso Medio das Viaxes da Área de transporte metropolitano-Concesión-Liña-Salto i. APC_{ATMit, COit, Lit, Sit} : Factor de axuste, en caso de que se produzan incrementos de demanda, sobre o prezo de Compensación a establecer sobre as viaxes da Área de transporte metropolitano-Concesión-Liña-Salto i. F_{ccs,ATMit, COit} : Factor Corrector de Calidade do Servizo obtido pola concesión i no

período t. $AT COit$: Factor que introduce a variación producida nas tarifas do ano t con respecto ao ano base. As actualizacións realizaríanse en base ás ordenes de tarifas.

ii. Concesións adscritas a Concellos:

- O nivel de compensación establécese sobre o billete xeneralizado bonificado de Uso Xeral, Bonobús ou Tarxeta Normal, co límite máximo do prezo aplicado para a TMG nas viaxes de 0 Saltos.
- Aplicable exclusivamente ás cancelacións realizadas con TMG.
- Actualización en base ao IPC do Sector.

2.3.6 Contía das Bonificacións

A diferenza entre o nivel de compensación (ingreso por cancelación asegurado ao operador) e o custo efectivo determinado polo viaxeiro, denominada Bonificación Global da Viaxe, determina o volume de recursos globais a achegar polas Administracións Públicas. Esta Bonificación Global subdivídese en: Bonificación Zonal, asociada á etapa principal, e Bonificación por Transbordos. O nivel de imputación e participación das diferentes AAPP é diferente para cada unha delas.

$[Bonificación\ Total] = [Custo\ de\ Prestación\ n\ Etapas] - [PvP\ ao\ Usuario]$

$[Bonificación\ Zonal] = [Compensación\ da\ Etapa\ Principal] - [PVP\ da\ Etapa\ Principal]$

$[Bonificación\ por\ Transbordo] = [Bonificación\ Total] - [Bonificación\ Zonal]$

Onde: $[Compensación\ da\ Etapa\ Principal]$ indica o nivel de compensación da etapa con maior número de saltos do conxunto de etapas que conforman a viaxe. $[PVP\ da\ Etapa\ Principal]$ indica o custo ao que tería que facer fronte o usuario pola realización da etapa con maior número de saltos da viaxe con independencia das etapas anteriores ou posteriores que conforman a viaxe.

2.3.7 Imputación das Bonificacións

O novo sistema de integración tarifaria determina que as contías das bonificacións previstas se repartan porcentualmente entre as Administracións implicadas atendendo a criterios de competencia (Administración competente), natureza da etapa (transbordo ou non) e uso (Concello de Orixe da primeira etapa e Concello destino da última) seguindo o esquema de imputación de viaxes e repartición de custo que se mostra a continuación:

Con respecto aos criterios de imputación da viaxe:

- Nos municipais, orixe e destino no mesmo concello, ao concello correspondente.

- Nos intermunicipais:

o Mantemento do criterio de orixe sempre que o inicio da viaxe non se produza nun concello obrigado á prestación dun servizo urbano.

o Aplicación do criterio de destino sempre que a orixe teña lugar nun concello obrigado á prestación dun servizo urbano.

Con respecto á participación da Subvención por parte dos Concellos, establécese o seguinte:

- Con respecto á Bonificación Zonal:

o 20% con carácter xeral.

o 100% naquelas viaxes urbanas realizadas en concesións urbanas ou en liñas declaradas de funcionalidade urbana cando o concello carece de concesión urbana a pesar de estar obrigado a iso.

- Con respecto á Bonificación por Transbordo:

o 0% con carácter xeral. A Xunta asume o custo de transbordo.

o 100% o Concello se a etapa forma parte dunha viaxe urbana realizado en concesión urbana ou en liñas de funcionalidade urbana cando o concello carece de concesión urbana a pesar de estar obrigado a iso.

Para os efectos deste convenio, estímase como liñas de funcionalidade urbana aquelas liñas de expedición que, estando incluídas en concesións de transporte interurbano, teñan tráfico exclusivamente dentro dun concello que pola súa poboación estea obrigado a dispor de servizo de transporte urbano de viaxeiros.

Táboa 7. Esquema xeral de imputación do Sistema de Imputación das Bonificacións.

AAPP	Marco Financeiro			Criterio Imputación
	Sistema de Transporte (Etapas)	% Bonificación Zonal	% Bonificación Transbordo	
Xunta	Concesións Xunta	80	100	Todas
	Concesións Concello	0	0/100	Só participa se Etapa Urbana forma parte dunha Viaxe Metropolitana.
Santiago de Compostela	Concesións Xunta	20	0	Viaxes con O/D no concello.
	Concesións Concello	100	0/100	Só participa se Etapa Urbana forma parte dunha Viaxe Urbana.
Ames Boqueixon Brion Oroso O Pino Teo Toura Trazo Val do Dubra Vedra	Concesións Xunta	20	0	Viaxes con O no Concello
		20	0	Viaxes en D se a O é o Concello Cabeceira da AM
	Concesións Concello	-	-	-

2.4 Programa de mellora na información e nas infraestruturas asociadas ao transporte colectivo

Basicamente, distínguense dous tipos de actuacións que conteñen unha serie de medidas a implementar a curto prazo:

- Facilitar ó cidadán o acceso a unha maior e mellor información do transporte público. Estas actuacións van dirixidas aos diferentes elementos que constitúen o sistema de transporte (puntos de parada, autobuses) e prevese a mellora de ferramentas xa existentes como a páxina Web.
- A execución dun plan de renovación de toda a rede de marquesiñas e puntos de parada con información accesible e comodidade para o cidadán. A información dispoñible sobre os diferentes puntos de parada será contrastada cos diferentes concellos para que, de acordo con eles, detectar os puntos de actuación e o orde de prioridade.

2.5 Contía e Revisión das Achegas

A achega que corresponde efectuar a cada Administración Pública estímase nas contías que aparecen determinadas nas seguintes táboas, nas que así mesmo se especifica a porcentaxe de incremento de devanditas contías para os anos sucesivos. Estas previsións recollen o total das achegas por parte das diferentes Administracións Públicas en base ó custo das actuacións e á porcentaxe de imputación.

Táboa 8. Contía e Previsión das Achegas (€) dos Concellos da ATM de Santiago por Programa.

	AMES	53.634	101.140	111.253	122.379	134.617	148.078
	BOQUEIXON	3.609	6.807	7.487	8.236	9.060	9.966
	BRION	9.806	18.491	20.340	22.374	24.612	27.073
	O PINO	947	1.786	1.965	2.162	2.378	2.615
	OROSO	5.391	10.166	11.183	12.301	13.531	14.884

Sistema Tarifario Integrado	SANTIAGO	18.646	35.162	38.678	42.545	46.800	51.480
	TEO	14.003	26.407	29.047	31.952	35.147	38.662
	TOURO	2.173	4.099	4.508	4.959	5.455	6.001
	TRAZO	2.405	4.535	4.989	5.488	6.036	6.640
	VAL DO DUBRA	1.624	3.062	3.369	3.706	4.076	4.484
	VEDRA	1.420	2.677	2.945	3.240	3.564	3.920
	TOTAL	113.659	214.332	235.765	259.341	285.275	313.803
Incremento de Oferta Servizos de Interese Municipal SIM	AMES	0	0	0	0	0	0
	BOQUEIXON	0	0	0	0	0	0
	BRION	14.851	26.731	28.068	29.471	30.945	32.492
	O PINO	0	0	0	0	0	0
	OROSO	0	0	0	0	0	0
	TEO	122.500	220.500	231.525	243.101	255.256	268.019
	TOURO	0	0	0	0	0	0
	TRAZO	0	0	0	0	0	0
	VAL DO DUBRA	0	0	0	0	0	0
	VEDRA	0	0	0	0	0	0
	TOTAL	137.351	247.231	259.593	272.572	286.201	300.511
Incremento de Oferta Servizos de Interese Metropolitano SIMe	AMES	3.112	5.601	5.881	6.175	6.484	6.808
	BOQUEIXON	5.714	10.285	10.799	11.339	11.906	12.501
	BRION	5.473	9.851	10.343	10.861	11.404	11.974
	O PINO	9.150	16.470	17.294	18.158	19.066	20.019
	OROSO	8.776	15.797	16.586	17.416	18.287	19.201

	TEO	12.250	22.050	23.153	24.310	25.526	26.802
	TOURO	8.941	16.093	16.898	17.743	18.630	19.562
	TRAZO	12.250	22.050	23.153	24.310	25.526	26.802
	VAL DO DUBRA	5.572	10.029	10.531	11.057	11.610	12.190
	VEDRA	1.563	2.814	2.954	3.102	3.257	3.420
	TOTAL	72.800	131.040	137.592	144.471	151.695	159.279
	AMES	56.746	106.741	117.134	128.554	141.100	154.886
	BOQUEIXON	9.323	17.092	18.286	19.575	20.966	22.467
	BRION	30.129	55.073	58.751	62.706	66.960	71.539
	O PINO	10.097	18.256	19.259	20.320	21.444	22.635
	OROSO	14.167	25.963	27.769	29.717	31.818	34.085
	SANTIAGO	18.646	35.162	38.678	42.545	46.800	51.480

TOTAL	TEO	148.753	268.957	283.725	299.363	315.929	333.483
	TOURO	11.114	20.192	21.406	22.702	24.085	25.562
	TRAZO	14.655	26.585	28.142	29.798	31.562	33.442
	VAL DO DUBRA	7.196	13.091	13.900	14.763	15.686	16.674
	VEDRA	2.983	5.491	5.899	6.342	6.821	7.340
	TOTAL	323.810	592.603	632.950	676.384	723.171	773.593

¹ As achegas correspondentes ao ano 2010 axustouse proporcionalmente aos meses de vixencia do plan nese período (7 meses).

Táboa 9. Contía e Previsión das Achegas (€) da Xunta na ATM de Santiago

Sistema Tarifario Integrado(*)	465.457	877.719	965.491	1.062.041	1.168.245	1.285.070
Incremento de Oferta Servizos de Interese Municipal SIM	0	0	0	0	0	0
Incremento de Oferta Servizos de Interese Metropolitano SIME	291.197	524.154	550.362	577.880	606.774	637.113
TOTAL	756.654	1.401.873	1.515.853	1.639.920	1.775.019	1.922.182

(*) As contías aquí sinaladas comprenden as compensacións asumidas pola Xunta polos transbordos que se produzan no sistema interurbano así como polos transbordos no urbano cos límites referidos no presente Anexo.

¹ As achegas correspondentes ao ano 2010 axustouse proporcionalmente aos meses de vixencia do plan nese período (7 meses).

Ademais das anteriores achegas previstas para os programas de actuación de referencia, a Xunta asumiu o compromiso financeiro de subministro de novas marquesiñas e postes de parada por un importe total de **300.000 €** que se executará durante os dous primeiros anos de vixencia do Convenio co seguinte desglose de anualidades:

Ano 2010: 100.000 €

Ano 2011: 200.000 €

2.- Aprobar a aportación económica derivada deste convenio para o conxunto das anualidades de vixencia do mesmo. (ata o 31/12/2015).

3.- Aceptar os seguintes compromisos:

- a) Conservación e mantemento das infraestruturas e marquesiñas.
- b) Instalación, conservación e mantemento daquelas novas marquesiñas e postes de parada que dentro da súa programación de adquisicións, sexan aportadas pola Dirección xeral de mobilidade, situándoas nos lugares de emprazamento que se acorden.
- c) Colaborar activamente na implantación das plataformas reservadas que no ámbito municipal resulten dos estudos de viabilidade que está a elaborar a Consellería, singularmente mediante a adopción das previsións necesarias en materia de tráfico e ordenación do territorio e urbanismo, se é o caso.

d) Colaborar no fomento de transporte metropolitano limpo.

4.- Dar conta deste acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

3. Recoñecemento extraxudicial de crédito.

Dase conta das facturas do ano 2009 que non foron aboadas por falta de crédito.

Feitas as oportunas correccións detectadas polo representante do PSdeG –PSOE, en canto a unha serie de facturas do ano 2009, recibidas no concello no ano 2010, pero domiciliadas e aboadas no ano 2009, polo tanto non procede o recoñecemento extraxudicial.

Así mesmo, comprobado que existe algunha factura incluída na relación, que non pertence ao concello e que por erro consta no rexistro de entrada.

En canto á factura de CIDE HCENERGIA S.A. consumo eléctrico 1/07/09 – 31/10/09 de alumeadado local social de Camporrapado por importe de 1.025,64 euros, o sr. Víaño di que o seu importe parece excesivo polo que o sr. alcalde di que se farán as comprobacións pertinentes a fin de aclarar este importe no consumo.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do P.P. e en contra do PSdeG acórdase :

1) Aprobar e recoñecer extraxudicialmente as seguintes facturas :

1.- Aprobación de facturas

Núm.	Proveedor – Concepto	Importe
1	DANONE, S.A. Alimentos subministrados na guardería de Lestedo	48,09
2	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	75,38
3	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	52,97
4	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	73,40
5	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	62,46
6	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	77,90
7	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	34,43
8	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	61,11
9	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	70,02
10	Mª CARMEN VAZQUEZ FERNANDEZ Alimentos subministrados na gardería de Lestedo	31,37
11	EDUARDO BROCOS MAREQUE Carteis obras PCC ano 2009	87,00
12	FCO. JAVIER PATIÑO FERNANDEZ Quilometraxe nobro-dcbr.2009 impartición clases deportivas Locias Sociais	63,08
13	CARMEN PEREIRAS PEREZ Quilometraxe dcbr.2009 traballadora social visitas domiciliarias	46,74
14	FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS Cota 3º cutrimestre (01/09/09-31/12/09) e recollida de cans	2.400,40
15	PABLO GARCIA CEBEIRO PAZO DE GALEGOS Viño para agasallar na Festa da Garda Civil 12/10/2009	129,46
16	SOGAMA S.A. Tratamento de residuos urbáns mes de decembro 2009	6.201,46
17	SOC.EST.CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A. Servizo de franqueo pagado mes de decembro 2009	181,11
18	DROGUERÍA-FERRETERIA EL SOL S.L. Mansilla,tes latón, codos, chaves paso, collarins, machóns...cuad.obras	620,16
19	TALLERES Y REPUESTOS BARCO S.L. Tapa filtro aire camión BUL 3900-FZS	140,36
20	MANUEL BOTANA GRANJA Spray esmalte e caixa tornillos para a cuadrilla de obras	21,10

21	COMPOSTELA DIGITAL S.L. Mantemento informático mes de decembro 2009	349,83
22	UNION FENOSA COMERCIAL S.L. Subministro de electricidade 01/11/09-01/12/09 pozo de bombeo de Donas	1.128,11
23	UNION FENOSA COMERCIAL S.L. Subministro de electricidade 30/10/09-30/11/09 depuradora de Orto	3.341,72
24	VODAFONE ESPAÑA S.A.U. Mensarede Vodafone 26/11/09-25/12/09	140,70
25	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ S.L. Mantemento alumeadado público decembro 2009	3.470,34
26	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A. Consumo teléfonos móbiles 18/11/0-17/12/09 616440465/680444385	1.336,58
27	ESPIÑA & DELFIN S.L. Análeses vertidos augas residuais meses de novembro de decembro de 2009	951,20
28	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. Tarifa plana teléfonos fixos periodo 01/12/09-31/12/09	560,68
29	VIDRIERAS COMPOSTELA S.L. Vidrieras emplomadas con rombos para a Igrexa de Boqueixón	2.969,60
30	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981513061 Centralita	281,48
31	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981513189 Radio Boqueixón	26,05
32	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981513209 Ximanio/Piscina Municipal	42,54
33	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981513248 Oficina de Correos	21,24
34	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981513434 Protección Civil	21,24
35	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981514074 Local Social de Ledesma	21,24
36	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981514300 C.Cultura Camporrapado (oficinas)	22,31
37	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981512434 Local Social de Codeso	21,24
38	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981502002 Guardería de Lestedo	21,24
39	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981502190 Local Social de Lestedo	33,03
40	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981502297 Centro de Saúde de Lestedo	36,81
41	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981511860 Local Social de Sergude	21,24
42	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981513000 Fax	16,21
43	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A. Consumo dcbro.2009 teléfono 981513010 Centro de Saúde do Forte	21,35
44	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Outeiro	34,63
45	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado escola Codeso	9,45
46	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado escola da Silveira	62,72
47	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Peneliña	622,58
48	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Camporrapado	811,98
49	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Camporrapado	142,78
50	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Oural	28,26
51	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Maravixás	409,06
52	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Granxola	47,72
53	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Granxola	47,72
54	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Vixión-Devesa	223,83
55	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Casalvieito	297,15
56	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Casalvieito	383,60
57	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Sucira	724,59
58	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado Igrexa Sucira	103,01
59	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Pousada	578,65
60	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Pousada	767,56
61	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Villalopez	577,54
62	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público Campo Festa Oural	999,86
63	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Viñas	64,39
64	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado Local Social de Sucira	19,66
65	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Fontebanca	808,32
66	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado Local Social de Camporrapado	1.025,64
67	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de León	268,49
68	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público da Silveira	547,37
69	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado Local Social de Pousada	60,34
70	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Castro-Oural	257,86
71	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Vixión-Codeso	220,77
72	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado Pousada – depuradora	927,36
73	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeadado público de Pousada	753,36

74	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Pousada	162,32
75	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Pumariño	634,82
76	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Castro	626,19
77	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Castro-Oural	215,75
78	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Castro-Oural	327,67
79	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Codeso-Santabaia	463,10
80	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado Local Social Codeso	133,54
81	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado Igrexa Codeso	743,77
82	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Codeso	10,71
83	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Engas-Codeso	13,91
84	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Codeso	1.063,38
85	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Casaldesuso-Codeso	246,99
86	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Ardesende-Codeso	471,38
87	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Engas-Codeso	587,62
88	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Ponteledesma	10,65
89	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Rebordaos	328,94
90	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Castro-Oural	542,40
91	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/07/09-31/10/09 Alumeado público de Rebordaos-Oural	228,65
92	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 29/08/09-31/10/09 Local Social de Ledesma	173,77
93	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 29/08/09-31/10/09 Igrexa de Ledesma	412,93
94	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 29/08/09-31/10/09 Alumeado público Ponteledesma	410,96
95	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 29/08/09-31/10/09 Local Social de Noente	42,63
96	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 26/08/09-31/10/09 Alumeado público en Loureiro-Pousada	417,89
97	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 27/08/09-27/10/09 Alumeado público en Camporrapado	508,56
98	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 25/08/09-31/10/09 Alumeado público na Granxola	175,28
99	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 26/08/09-31/10/09 Alumeado público en Donas	262,77
100	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-28/12/09 Alumeado público de Ponteledesma	42,24
101	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-28/12/09 Alumeado Casa do Concello	363,60
102	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-28/12/09 Alumeado público de Ponteledesma	455,74
103	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-28/12/09 Alumeado Igrexa Ledesma	467,20
104	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-28/12/09 Alumeado Casa do Concello	56,90
105	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-28/12/09 Alumeado público de Noente	599,57
106	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-28/12/09 Alumeado Casa do Concello	35,95
107	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 29/10/09-31/12/09 Alumeado depuradora de Pousada	577,90
108	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 31/10/09-31/12/09 Alumeado Local Social de Pousada	30,18
109	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 31/10/09-31/12/09 Alumeado público de Rcamporrapado	18,79
110	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-31/12/09 Alumeado escola Codeso	4,50
111	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-31/12/09 Alumeado público de Outeiro	4,50
112	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-31/12/09 Alumeado Igrexa de Sucira	54,86
113	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-31/12/09 Alumeado Local Social de Sucira	8,99
114	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-31/12/09 Alumeado Casa de Cultura de Camporrapado	240,42
115	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-31/12/09 Alumeado Local Social de Codeso	54,37
116	CIDE HCENERGIA S.A. Consumo eléctrico 01/11/09-31/12/09 Alumeado depuradora de Ardesende-Codeso	267,62
117	EXCAVACIONES SOUTULLO S.L. 2 horas de pala mixta con martillo traballos realizados na sede de Prot.Civil	104,40
118	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L. 29,5 horas retroexcavadora con cazo para saneamento en Sergude e traballos con cisterna en Noenlle e pistas municipais	2.420,63
119	L. SECOPE S.A. Mantemento e xestión do punto limpo decembro 2009	1.148,79
120	MANUEL BOTANA GRANJA Descargador cisterna, candado, roda xiratoria, disco desbrozadora, varilla, tuercas ..	160,59
121	MANUEL BOTANA GRANJA Copias chaves, roundup plus, carro transporte, maza cuña e arbokol,Grumir e acera	235,46
122	TALLERES BALBOA S.L. Substituir tapón depósito gasoil e bombona suspensión camión lixo 7414-BSL	347,91
123	TALLERES BARBOA S.L. Subst.freos traseiros,suavizar reguladores zapatas e camb.cables camión lixo 7414BSL	470,70
124	MONTOURO REPARACIONES S.L. Substituir aceite, filtro, anticongelante e líquidos camión lixo 7414-BSL	240,53
125	AUTOELÉCTRICO SERGUDE S.C. Reparar amoladora e reparar luces ITV C-6319-CG	127,28

126	FERLIÑO S.L. Montaxe e aluguer de andamio na Igrexa de San Salvador (Ponteledesma) periodo 07/09-07/109	603,20
127	FERLIÑO S.L. Aluguer de andamio na Igrexa de San Lorenzo de Pousada periodo 26/11-26/12/09	301,60
128	RICARDO ROMERO PEREZ Quilometraxe monitor deportivo desprazamentos escolas deportivas municipais	161,88
129	CONSORCIO GALEGO Aportación municipal servizo Xantar na Casa	1.041,55
130	SERVICIOS Y MATERIALES S.A. Servizo de axuda a domicilio mes decembro 2009	15.206,93
131	UDESА Consumo de alumeadо público mes de xuño 2009	6.304,10
132	ELECTRICA DE GRES S.L. Consumo alumeadо público mes de	2.749,85
133	UNION FENOSA Consumo de alumeadо público a decembro de 2009	46.305,90
TOTAL		127.591,44

2) Aboalas con cargo ao presuposto 2010.

4.Denegación recurso de reposición presentado por dona Herminia Rubio Regueiro.

Dase conta do recurso de reposición presentado pola sra. Rubio Regueiro contra o acordo plenario do 11/12/2009 de denegación da desafectación.

O sr. Viaño di que están a favor da denegación porque consideran que non se debe desafectar o camiño, tendo en conta o informe de ADIF.

Sen máis procédese coa votación e tendo en conta os seguintes antecedentes :

1) En sesión plenaria do día 8 de xullo de 2009 acordouse desafectar do dominio público o camiño de 165 m2 (55 metros de largo por 3 metros de ancho) que discorre de oeste a leste entre as propiedades da solicitante da desafectación dona Herminda Rubio Regueiro e da leira número 371, no lugar de Pumares, en Sergude.

Así mesmo, na referida sesión aprobouse a valoración económica do camiño desafectado que ascende a 1.335,00 €, así como proceder coa venda directa á propietaria lindante que solicitou a desafectación.

2) O expediente estivo exposto ao público e con data do 25/08/2009 presentouse unha alegación asinada por dezaseis persoas, na cal solicitan que non se proceda coa desafectación polos motivos que na referida alegación reflecten.

3) Con data do 21 de outubro de 2009 o responsable técnico do departamento de urbanismo, informa que o camiño que se pretende desafectar encóntrase en zona de afección da liña férrea de Santiago a Zamora, polo que debería solicitarse o informe previo ao administrador de infraestruturas ferroviarias (ADIF).

4) Solicitado o informe a ADIF, con data de 3 de novembro de 2009, rexistro de entrada no concello o 4 de novembro número 857, recíbese no concello o referido informe DESFAVORABLE á desafectación.

5) Á vista dos informes anteriormente citados, o Pleno da corporación en sesión celebrada o día 11 de novembro de 2009 acorda non desafectar do dominio público o camiño de 165 m2 (55 metros de largo por 3 metros de ancho) que discorre de oeste a leste entre as propiedades da solicitante da desafectación dona Herminda Rubio Regueiro e da leira número 371, no lugar de Pumares, en Sergude.

6) O 28 de decembro de 2009, número de rexistro de entrada 1395, recíbese no concello o recurso de reposición presentado por dona Herminia Rubio Regueiro, contra o acordo plenario do 11 de novembro de 2009 de denegación de desafectación.

Basea o seu recurso no seguinte :

“O camiño para o cal solicita a desafectación ten unhas dimensións reais de 1,40 metros de ancho por 40 metros de largo, é dicir, 56 metros cadrados.

E polo tanto, non de 165 metros cadrados (55 metros de largo por 3 metros de ancho).

7) Con data de 2 de febreiro de 2010, o técnico responsable do departamento de urbanismo, informa o seguinte:

“ 1º.- Para poder valorar á alegación presentada por Herminda Rubio Regueiro, procedeuse coa verificación das medidas sobre o Polígono 1 do Plano Xeral da Zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude (Boqueixón – A Coruña), ao mesmo tempo que se procedía cunha nova solicitude de informe ao ADIF, no que se pedía que se detallara, o mais exacto posible, a situación da parcela propiedade de ADIF, a súa descrición, lindes e superficie, e ao mesmo tempo se confirmase se o camiño obxecto deste expediente sufrira algún proceso de expropiación forzosa por parte do Ministerio de Fomento, así, desta forma, poderíase determinar a lonxitude real do camiño.

2º.- Unha vez recibido, con data do 26/02/10, un novo informe do ADIF, en base á solicitude de data do 28/01/10 (con rexistro de saída núm. 10/93, de data do 02/02/10), no que se sinala que o camiño, sobre o que se solicita o informe, non tivo ningún proceso de expropiación forzosa, o técnico de urbanismo que subscribe, ratificase totalmente nos informes emitidos, con data do 15 de xuño de 2009 e 21 de outubro de 2009, en canto as dimensións do citado camiño público.

Boqueixón, 2 de febreiro de 2010 “

8) Con data de 26 de febreiro de 2010, entrada número 447 recíbese o informe , previamente solicitado, de ADIF que literalmente di :

1. “ Que la parcela triangular que hacemos mención en el escrito del asunto, se trata de una porción de terreno de unos 280 m² , que sobresalen de la traza de la línea férrea, y la cual procede de una mayor de unos 1000 m² de forma trapezoidal que se encontraba situada entre el P.K. 365/910 al 365/950 aproximadamente, expropiada a D. Eduardo Mouriño Villaverde, al que se le abonaron 1289,06 ptas, con motivo de la construcción de la línea Zamora – A Coruña e identificada en el plano de Inventario que se adjunta con el nº 7.020501/549 (señalado en amarillo), correspondiente a su codificación documental en Catálogo.

2. El camino no ha sufrido ningún proceso expropiatorio por parte del ADIF, si bien según consta en los planos que se adjuntan, anterior al ferrocarril por esa zona transcurría uno que se vio interrumpido por la construcción de la vía férrea.

3. Catastralmente la porción de terreno mencionada, así como alguna superficie más se encuentran formando parte de la referencia catastral 15012C505003710000DI, polígono

505, parcela 371. CORTIÑAL. BOQUEIXÓN. Situación ésta que procederemos a regularizar en cuanto nos sea posible.

Consideracións xurídicas e técnicas :

1) O artigo 2.apdo 2 do Regulamento de bens das entidades locais establece que os bens de dominio público serán de uso ou servizo público e o artigo 3 establece que son bens de uso público local, entre outros, os camiños, plazas, rúas, paseos, etc, cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local.

2) O artigo 8 establece que a alteración da calificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acredite a oportunidade e legalidade. O expediente deberá ser resolto pola corporación mediante acordo adoptado por maioría absoluta.

3) O artigo 28 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas, que establece “ As administracións públicas están obrigadas a protexer e defender o seu patrimonio. A tal fin , protexerán axeitadamente os seus bens e dereitos que o integran, procurarán a súa inscrición rexistral e exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes para elo”.

4) O artigo 117 apdo 2) da Lei de réxime xurídico das admóns públicas e do procedemento administrativo común, establece que o prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso é dun mes. Sen embargo o artigo 43 da mesma lei no seu apdo. 2) establece que o silencio administrativo terá efecto desestimatorio.

Por outra banda considerando o informe do técnico municipal da data 2 de febreiro deste ano e o informe do ADIF de data 24 de febreiro deste ano, anteriormente descritos.

Considerando a obriga que ten o concello de protexer e defender o seu patrimonio.

Considerando que do expediente iniciado para proceder coa desafectación resulta acreditado que non é oportuno nin legal aprobar definitivamente a desafectación, e tendo en conta que o artigo 42 Lei de réxime xurídico das admóns públicas e do procedemento administrativo común , que establece a obriga de ditir resolución expresa en tódolos procedementos, o Pleno da corporación por unanimidade acorda :

1. Desestimar o recurso de reposición presentado por dona Herminda Rubio Regueiro con data de rexistro de entrada 28/12/2009 número 1395, contra o acordo plenario adoptado o 11/11/2009.
2. Non desafectar do dominio público o camiño de 165 m2 que discorre de oeste a leste entre as propiedades da solicitante da desafectación dona Herminda Rubio Regueiro e da leira número 371, no lugar de Pumares, en Sergude.
3. Notificar este acordo á interesada.

5. Mocións nº 340,341,342 presentadas polo P.P.

Moción nº 340

Moción do Grupo Popular de adhesión do manifesto “ Galicia ten Dereito “

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

Exposición de motivos:

As caixas de aforros de Galicia, en canto entidades financeiras de carácter social e de natureza fundacional, teñen unha clara vinculación co territorio no que se asentán, sendo un instrumento fundamental no financiamento da economía galega. É precisamente esa función, a que ha de contribuír a mellorar o nivel socioeconómico de Galicia, máis necesaria que nunca nun contexto coma o actual de recesión económica e dificultades financeiras.

O 29 de decembro de 2009 o Parlamento de Galicia, en desenvolvemento do artigo 30.I.5 do Estatuto de Autonomía, aprobou cunha maioría cualificada de 2/3, a Lei 10/2009, do 30 de decembro, pola que se efectúa unha modificación lexislativa das caixas de aforros de Galicia.

A reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente pezas claves para o desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode localas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galicia ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Por iso, o 5 de febreiro de 2010, reunidos no Parlamento de Galicia, o representante dos empresarios Galegos, os representantes das organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e mais os representantes dos partidos políticos BNG e PP, acordaron asinar o manifesto “Galicia ten dereito” sobre o futuro do sistema financeiro galego, e trasladar ó resto da sociedade o seu contido para que se sumen todos aquelas institucións, organizacións, asociacións, entidades ou persoas que coincidan cos seus postulados.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:

Proposta de acordo:

O Pleno do Concello de Boqueixón acorda adherirse ao Manifesto “Galicia ten dereito”, dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.

O sr. Viaño di que están a favor da fusión pero que deben ser as Caixas quen o deben decidir e polo tanto o goberno non debe forzar a fusión cunha lei que parece contraditoria. Parece ser un motivo máis para desgastar ao goberno da nación e o obxectivo é conseguir cambiar o número de vogais nas asembleas das caixas para colocar máis xente afin, cando os depositarios do diñeiro deberían prevalecer.

Procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra do PsdeG – PSOE, apróbase a moción do grupo popular de adhesión ao manifesto “GALICIA TEN DEREITO”

Moción nº 341:

Moción do Grupo Popular instando á Xunta de Galicia á aprobación dun decreto de fomento do plurilingüismo no ensino non universitario de galicia

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

Exposición de motivos:

Desde o PP de Galicia entendemos sempre que a lingua galega é un símbolo de identidade que nos debe unir como comunidade, e que todos debemos defender e potenciar partindo das premisas básicas do respecto e o consenso. Consenso que marcou case 25 anos de Autonomía, desde de que en 1983 fora aprobada por unanimidade a Lei de Normalización Lingüística.

Este consenso se racha no 2007 coa aprobación de xeito unilateral do Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo por parte das forzas que por aquel entón sustentaban ó Bipartito, PSOE e BNG. Un Decreto que ademáis de rachar o consenso, politizou a aprendizaxe das linguas, xerando un amplo descontento social ó abrir a porta á imposición lingüística no mundo educativo.

Ademais, o Decreto 124/2007, foi aprobado pola anterior Xunta de Galicia co previo ditame desfavorable do Consello Consultivo e, así mesmo, contou cun rexeitamento expresado dun xeito claro polos cidadáns nas urnas o pasado 1 de marzo e polos pais, que dun xeito maioritario, participaron na consulta plantexada polo actual goberno galego en xuño de ano pasado.

Este rexeitamento ao devandito Decreto ven determinado porque pretendía impoñer o monolingüismo, apostando claramente pola substitución das políticas de fomento e de promoción, en favor de políticas de imposición.

No programa electoral do PP de Galicia, que contou co apoio maioritario de todos os galegos, se recollían entre outros, os compromisos da derogación do Decreto 124/2007 e a aprobación dunha norma que permitira garantir que o sistema educativo lle dea a todos os nenos e nenas as competencias lingüísticas en castelán e galego consoantes con cada nivel educativo, o respecto ao dereito dos pais a que os fillos sexan acollidos no sistema educativo na súa lingua materna e introducidos progresivamente na outra lingua oficial, o equilibrio e proporcionalidade nas materias que se imparten en galego e castelán no sistema educativo, o dereito de libre uso das linguas oficiais nas relacións entre os alumnos e os profesores e o fomento da impartición da docencia en inglés.

Este programa electoral está en perfecta consonancia coa Lei de Normalización Lingüística, que incluso literalmente contén disposicións como que “os nenos teñen dereito a recibi-lo primeiro ensino na súa lingua materna” (artigo 13.1) ou que “as autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán (artigo 14.3).

A Xunta de Galicia debe, polo tanto, ser consecuente co programa electoral máis votado polo pobo galego e coa opinión manifestada polos pais na consulta, salvagardando os dereitos e deberes constitucionais e estatutarios referentes á lingua.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación as seguintes:

Propostas de acordo:

PRIMEIRA.- Instar á Xunta de Galicia á derogación do Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

SEGUNDA.- Instar á Xunta de Galicia á aprobación dunha norma que garanta no ensino non universitario de Galicia o equilibrio e competencia plena entre as dúas linguas oficiais de Galicia e que permita acadar, dun xeito progresivo, un coñecemento efectivo dunha lingua estranxeira.

TERCEIRA.- Instar á Xunta de Galicia a garantir o dereito dos pais á ser consultados, e moi en particular, no que atinxe á lingua vehicular en Educación Infantil, así como a garantir o dereito dos alumnos a expresarse libremente nas dúas linguas oficiais.

O sr. Viaño di que as bases do decreto xa recibiron unha contestación forte dos cidadáns, polo que esta moción chega tarde.

As bases deste decreto son o resultado dunha promesa electoral e pretenden que o galego desapareza.

Segue dicindo o sr. Viaño que os nenos deben ser capaces de expresarse nas dúas linguas, e que non se pode menoscabar a que está en máis perigo que é o galego. Por isto, debemos evitar intervencións coma a do sr. conselleiro que foi un desprestixio para a nosa lingua, e pola contra debe ser a mesma administración e por suposto o goberno galego a que vele polo cumprimento das normas de promoción do uso do galego.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra do PSdeG – PSOE, apróbase a moción do grupo popular instando á Xunta de Galicia á aprobación dun decreto de fomento do plurilinguismo no ensino non universitario de Galicia.

Moción nº 342 :

Moción do grupo municipal popular en relación co sistema de pensións

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para o

seu debate e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o vindeiro día 10 de marzo de 2010 a seguinte moción :

O Goberno de Zapatero vén de anunciar unha reforma do sistema de pensións e a posibilidade de retrasar a idade de xubilación aos 67 anos. Un debate improvisado que está a crear alarma entre a sociedade, posto que, en plena crise económica, e por primeira vez en moitos anos, todos os pensionistas perderán poder adquisitivo.

Os pensionistas son os que máis están a sufrir os erros económicos do Goberno de Zapatero. As nóminas dos pensionistas este ano son inferiores ás do ano pasado. As pensións de 115.000 galegos veranse recortadas a través dun incremento no IRPF aplicable ás súas pagas.

Zapatero leva dous anos sen actualizar os mínimos da renda, en contra da súa promesa electoral. Isto implica que, co mesmo nivel de ingresos que en 2007, se pagan máis impostos.

Por se fose pouco, o Goberno do Partido Socialista eliminou, precisamente este ano, a dedución de 400 euros que prometeu na campaña electoral de 2009. Unha dedución que foi outra decisión improvisada, que non beneficiou aos que máis a necesitaban e que supuxo un importante esforzo das arcas públicas. Agora, no peor momento da recesión, en lugar de manter esta axuda que Zapatero vendeu como respaldo ás familias en tempos de crise, retíranla para todos por igual, sen ter en conta a dramática situación de moitas familias e, por suposto, dos pensionistas.

O Goberno central está a ocultar a verdadeira situación da Seguridade Social:

- Desde xullo de 2007 perdéronse máis de 1,5 millóns de cotizantes.
- 3 millóns de persoas están a cotizar só mentres lles dure o paro.
- A Seguridade Social está gastando a un maior ritmo (7%) do que ingresa (0%).
- O superávit desplomouse un 30%.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación se procede, o seguinte acordo :

Instar ao Goberno do Estado a:

1. Que non recorte o poder adquisitivo dos 115.000 pensionistas galegos afectados pola súa decisión de baixar as pensións en todo o Estado.
2. Que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seo do Pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible.

O sr. Viaño di que de momento é un estudo, non unha proposta.

Por outro lado, segue dicindo o sr. Viaño, en canto aos 400 euros, din vostedes na súa moción que se eliminan en prexuízo especialmente dos pensionistas, pero tamén din que a concesión foi improvisada, polo que están ou non están a favor ?

En canto á seguridade social, din que está facendo un esforzo importante pero ao mesmo tempo din que non se pode permitir adiantar a xubilación aos 67 anos. Sen embargo, penso (segue dicindo o sr. Viaño) que é mellor xubilarse aos 67 anos e cobrar pensión, que xubilarse aos 65 sen cobrala, aínda que preferiría xubilarme aos 65 con pensión.

O mellor que se pode facer, é presentar propostas para chegar a acordos a nivel nacional e non tratar de sacar talladas cara as eleccións.

Respóndelle o sr. Alcalde que en especial con esto último, está totalmente de acordo. Vista esta moción, e cos votos a favor do P.P. e en contra do PSdeG -PSOE aprobárase a moción do grupo popular en relación co sistema de pensións.

6. Información alcaldía.

Danse conta dos decretos da alcaldía que tiveron lugar entre o 4/01/2010 ata o 5/03/2010.

7. Rogos e preguntas.

O sr. Viaño fai as seguintes preguntas:

1) Por qué segue sen mellorar a páxina web do concello?
Penso que se debe facer un esforzo maior para chegar aos cidadáns.

Resposta o alcalde que se tratará de mellorar.

2) Por qué se invirte tal cantidade de diñeiro en proxectos de aforro enerxético, a incluír no fondo estatal ?
E que pensa cambiar todos os farois do concello ?

Responde o sr. alcalde, que é debido a un estudo que fixo a universidade da Coruña, no cal se recomenda que se reduzan os vatios mediante o cambio de luminarias.

Pregunta o sr. Viaño por qué non se poñen placas solares para as depuradoras

Responde o sr. alcalde que se actuou de acordo co estudo da universidade e referíndose á secretaria dille que lle faga chegar este estudo ao sr. Viaño.

O sr. Viaño pregunta se será rentable cambiar tódalas luminarias do concello.

Responde o sr. alcalde que según o estudo, sí.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Vº e pr.
O alcalde